

INSTRUCCIÓN PARA VOTO POR CORREO

ELECCIÓN SINDICAIS 2022

Se algún docente non vai estar no seu lugar de traballo o día da votación poderá emitir o seu voto por correo. As persoas en situación de **IT (baixa médica), permiso de maternidade ou en excedencia por coidado de familiares** tamén poden exercer o seu dereito a voto, ben no centro de traballo ao que pertencen ben por correo.

Sendo así, **deberá seguir os seguintes pasos (segundo a normativa que regula o devandito proceso electoral):**

1. A persoa interesada (ou a persoa representante debidamente autorizada a través do modelo do ANEXO 1) deberá facer unha solicitude (ANEXO 2) que deberá levar en sobre aberto a unha oficina de correos, onde o/a funcionario/a da mesma deberá selar e datar a mesma unha vez teña comprobada a identidade do/a solicitante. Esta solicitude enviarase mediante correo certificado a un dos seguintes enderezos, segundo a **provincia na que se atopase o seu posto de traballo a 30/09/2022 (ou posterior se mediou reclamación ao respecto):**

PONTEVEDRA

Mesa coordinadora provincial de Pontevedra
Xefatura Territorial da Consellería de Educación
Edificio administrativo de Campolongo
Avda. M^a Victoria Moreno n^o 43- 8^o andar
36003 PONTEVEDRA

LUGO

Mesa coordinadora provincial de Lugo
Xefatura Territorial da Consellería de Educación
Edificio administrativo da Xunta de Galicia
Ronda da Muralla, 70
27071 Lugo

A CORUÑA

Mesa coordinadora provincial da Coruña
Xefatura Territorial da Consellería de Educación
Edificio administrativo Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2-7^o Andar
15071 A Coruña

OURENSE

Mesa coordinadora provincial de Ourense
Xefatura Territorial da Consellería de Educación
Rúa Concello, 11
32003 Ourense

O PRAZO MÁXIMO da solicitude do voto por correo será ata 5 días antes da votación. Dende a CUT recomendamos **solicitalo canto antes se tes claro que non vas estar** no teu centro dado que os trámites son lentos e ten que producirse un dobre envío por correo, cos seus tempos, para finalizar correctamente o procedemento.

2. No período inmediatamente posterior á proclamación das candidaturas (prevista para o 15 de novembro) e tras comprobar a inclusión do solicitante na mesa electoral, a mesa coordinadora enviaralle ao interesado/a un sobre coas papeletas e o sobre de votación ao enderezo consignado na solicitude.
3. Unha vez que a persoa solicitante reciba o envío, deberá introducir unha papeleta no sobre de votación, pechalo e, acompañado dunha fotocopia do DNI, envíalo nun sobre de maior dimensión á MESA ELECTORAL PARCIAL onde figura como membro do censo (mesmo enderezo onde se solicitou o voto).
4. Cando a mesa electoral parcial reciba o sobre, o/a secretario/a da mesma manterao baixo custodia. O día da votación, unha vez rematada a votación e antes de facer o escrutinio, o/a presidente/a abrirá o sobre enviado, comprobará que dentro están o sobre de votación pechado e a copia do DNI, verificará a identidade da persoa e introducirá o sobre na urna.
5. Se o sobre fose recibido tras rematar o tempo de votación non se computará o voto nin o/a votante. O sobre deberá ser incinerado sen abrir.
6. De todas formas, **se a persoa electora que teña solicitado o voto por correo está presente o día da votación, poderá votar**, comunicándolle ao/á presidente/a da mesa o feito. Este/a, unha vez que o/a elector/a teña votado, devolveralle o voto por correo que recibira anteriormente. En calquera caso, e ante a dúbida solicita o teu voto por correo para asegurar que o teu voto chega!!